



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 10 de xullo de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 26/2057

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Docencia: 4514017 Traballo Fin de Mestrado; 632G01033 Traballo Fin de Grao; 632G02141 Traballo Fin de Grao; 610G04045 Nanomateriais en Enxeñaría Civil; 632G02022 Organización e Xestión de Proxectos e Obras e Lexislación; 4514016 Dirección de Empresas; 632G01021 Lexislación e Proxectos

Centro: ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

Tras analizar a documentación da praza 26/2057, as alegacións realizadas por D^a Leticia Valladares López contra a proposta de provisión da citada praza e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 10 de xullo de 2026, acorda:

1. solicitar da Comisión de selección que proceda a revisar as valoracións dos méritos das persoas candidatas no punto II.2 Calidade docente, toda vez que o número máximo de méritos que se poden valorar neste punto é de 5. No caso da formación docente recibida, cada bloque completo de 100 horas supón un mérito, valorado con 1 punto, e a achega de 500 horas suporía 5 puntos e cumpriría o máximo de 5 méritos que se poderían valorar,
2. desestimar as restantes alegacións da persoa reclamante,
3. solicitar o envío dunha nova proposta de provisión e dun novo Excel que atenda o indicado no punto 1,
4. facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández